

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 12 de xuño de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo (reanudación da reunión suspendida o día 2 de xuño), que poden ser do seu interese:

- * Adhesión ao Manifesto do Consello Social da Universidade de Vigo a favor das Universidades públicas e do sistema universitario de Galicia.
- * Delegación na COAP da declaración de interese do Máster en Desafíos das Cidades Atlánticas, no marco do Proxecto POCTEP Universidades sen Fronteiras.
- * Nomeamento de estudantes e decanos/as e directores /as de centro para formar parte da Comisión de Política Lingüística.
 - Polo sector decanos/as e directores:
 - María Jesús Barsanti
 - Ana Iglesias Álvarez
 - Xosé Manuel Pacho Blanco
 - Manuel Ángel Pombal Diego
 - Polo sector estudantes:
 - Juan Jesús Rico Fuentes
 - Francisco Jesús Gómez Carrera
 - Marinha Paradelo Veiga

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.